

Cómo participar?

Ao longo do 2010, están previstas diversas accións locais, nacionais e europeas como parte da construción global da mobilización da Marcha Mundial das Mulleres. Algunhas das actividades previstas na Galiza son:

- Marchas reivindicativas nas diferentes localidades da Galiza do 8 ao 18 de marzo.
- Accións ao redor dos campos de acción da MMM: Ben común, violencia contra as mulleres, paz e antimilitarismo e/ou muller e traballo.
- Mobilización europea pola paz e antimilitarismo
- Apoio e difusión da acción internacional da MMM na República Democrática do Congo en Outubro

Cambiar a vida das mulleres
para cambiar o mundo!
Cambiar o mundo para
cambiar a vida das mulleres!



Onde conseguir mais información?

Coordinadora Nacional Galega da
Marcha Mundial das Mulleres

Rúa Romil, 20 baixo
36202 • Vigo
Galiza
Tel: 671-695-968

Email: marchagaliza@gmail.com

Site: www.feminismo.info

tamén no facebook

As organizacións, colectivos e grupos de mulleres de base, así como mulleres representantes de organizacións mixtas ou mulleres individuais que se queiran unir á preparación e participación da Acción 2010 poden entrar en contacto coa Coordinadora Nacional Galega (CNG).

Información internacional da Marcha
Mundial das Mulleres:
www.marchemondiale.org



Terceira acción
internacional da
Marcha Mundial
das Mulleres
8 de marzo a
17 de outubro
de 2010



Mulleres en Marcha até que
todas sexamos libres!

A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento internacional de accións feministas que reúne grupos e organizacións de base que traballan para eliminar as causas da pobreza e da violencia contra as mulleres.

As accións internacionais da Marcha Mundial das Mulleres...

...Son momentos para fortalecer a nosa identidade como movemento. Estar en marcha expresa a idea de seguir libremente, sen coaccións ou impedimentos, para expresar a forza das mulleres organizadas de forma colectiva, en asociacións, grupos, movementos, con experiencias, culturas políticas e étnias diferentes, mais que teñen unha identidade común: superar a actual orde inxusta, que provoca a violencia e a pobreza. Tamén expresa a nosa solidariedade internacional e o facto de que estamos alerta ao que pasa ás nosas compañeiras noutras partes do mundo.

No 2010, faremos as nosas voces seren ouvidas aínda con mais forza entre os días 8 de marzo e 17 de outubro en todo o mundo. As nosas accións mundiais serán organizadas en dous momentos de maior énfase:

- o período entre o 8 e 18 de marzo, con marchas de diferentes tipos, formas, cores e ritmos, nas rexións, que marcarán tamén o centenario da Declaración do Día Internacional das Mulleres;
- marchas e accións simultaneas no día 17 de outubro con un punto de encontro internacional en Sud Kivu, Congo, como forma de fortalecer o protagonismo das mulleres na resolución de conflitos.

A acción do 2010 desenvolverase ao redor dos catro campos de acción da Marcha Mundial das Mulleres:

Ben común. Loitamos contra a privatización da natureza e dos servizos públicos. Afirmamos o principio da Soberanía Alimentar, o dereito á saúde, educación, auga potabel e saneamento.

Paz e desmilitarización. Queremos evidenciar a complexidade das causas das guerras, como o control do corpo e da vida das mulleres; a manipulación dos conflitos étnicos e relixiosos, a explotación dos recursos naturais e os intereses da industria armamentista.

Qué contenidos traballar?

As mulleres sofren violencia por parte dos exércitos e/ou grupos paramilitares, ben como por parte das súas comunidades, en particular dos homes, que as rexeitan e culpabilizan pola violencia sufrida.

Traballo das mulleres. Defendemos o acceso de todas as traballadoras e traballadores aos dereitos, á sanidade pública e á igualdade salarial, o que inclúe un salario mínimo xusto, en todo o mundo sen discriminacións de ningún tipo.

Violencia contra as mulleres. Combatimos a violencia realizando accións de sensibilización da sociedade, xunto con outros movementos sociais aliados e tamén elaborando demandas ao Estado. Queremos explicitar como ocorre a violencia contra as mulleres, cales son as súas causas, como se manifestan e dar visibilidade a todas as formas de resistencia das mulleres á violencia sexista, sobretudo no ámbito coletivo.

Quen somos?

A MMM é unha rede internacional de organizacións feministas, que temos como obxectivos prioritarios rematar coa pobreza e a violencia contra as mulleres.



Dende a pluralidade da que partimos, sabemos que sin unha participación activa e que teña como protagonistas imprescindibles ás mulleres, non será posible que a humanidade camiñe hacia un outro mundo mais xusto, libre e solidario.

Por iso é obxectivo da MMM poñer en relación aos grupos de mulleres de base que traballan a nivel local, con accións internacionais, nunha rede solidaria que dirixe as súas mobilizacións na rúa para denunciar a falta de compromiso dos gobernos coas nosas demandas.

As mulleres da Galiza participamos na MMM desde o ano 2000 combinando a participación nas campañas internacionais co deseño de campañas propias axeitadas á nosa realidade máis próxima, nomeadamente arredor das datas do 25 de novembro, Día internacional contra a Violencia de Xénero, e do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres.

